

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2020/11	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	27 de AGOSTO de 2020
<b>Duración</b>	Desde as 21:00 ata as 23:05 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
<b>Secretario</b>	MINIA ASTRAY BARCA

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	NON
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	NON
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI



<b>Escusas de asistencia presentadas:</b>		
MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO non asiste sen escusa.		

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

<b>A) PARTE RESOLUTIVA</b>
----------------------------

<b>1.- Aprobación da acta da sesión anterior</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación</b>
O Pleno da Corporación, trala correspondente deliberación e por unanimidade, acorda a aprobación da acta pendente de aprobación do pleno ordinario de maio (28.05.2020) e a non aprobación da acta do 30.07.2020 por cuestións de posta a disposición de forma tardía, luns antes da sesión, quedando pendente a aprobación de dita acta, do pleno ordinario do 30.07.2020, para a seguinte sesión ordinaria.	

<b>2. Expediente 601/2020. Órganos colexiado (convocatoria, modificación ou supresión)</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación</b>
	Unanimidade
<b>DEBATE</b>	
Comeza o debate Sr. González para facer referencia neste punto á creación da Comisión Informativa Especial de modificación puntual do PXOM para dotación de chan industrial, no que o indica que os distintos grupos coñecen tódolos detalles xa que foi falado na Xunta de Voceiros. Indica que creen que é interese de tódolos membros da Corporación a modificación do PXOM para dotar de chan industrial e para o efecto creen que é necesario a creación dunha comisión especial formada polos distintos grupos acorde á representación dos mesmos.	



A intención do grupo de goberno e como se falou con anterioridade co resto de grupos que se empece a tratar canto antes.

Fai referencia o Sr. González a un matiz con respecto o texto orixinal enviado á Comisión informativa no que se indica que a comisión celebrará sesións ordinarias con periodicidade mensual e trala corresponden deliberación na Comisión informativa acordouse que non era preciso esa periodicidade, xa que non é preciso motivado en que se non hai avances doutras administracións por exemplo non ten sentido reunirse. Polo que os membros da Comisión informativa acordou que a comisión se reunirá cando así o decida o estado de tramitación do PXOM e deixar constancia que a proposta quede nestes termos tal e como se falou con anterioridade.

Toma a palabra a Sra. Molinos voceira do Partido Popular que sinala que o parecer do seu grupo é que esa comisión tería que haber chegado antes de que o goberno presentara ante os medios de comunicación e algúns empresarios locais unha proposta para dotar ó chan industrial con varias alternativas de dotación do mesmo sen ter falado antes en ningún momento coa oposición, polo menos co PP e convocando aos voceiros a toro pasado para falar do tema. Indica que é unha maneira de proceder do goberno que utilizan a miúdo.

Sinala que unha vez dado o paso da creación de dita comisión queda para eles a esperanza de que sirva máis que para un mero paripé ou que o goberno pretenda xustificar a súa transparencia e a participación e que os veciños de Outes se vexan realmente representados na defensa dos seus intereses.

De seguido toma a palabra o voceiro do BNG o Sr. Núñez que expón que están de acordo coa creación da comisión e que lles parece un paso adiante e que esperan que isto non sexa escusa nun futuro para as actuacións ou non actuacións que realice o goberno e súmanse ó dito pola voceira do PP que algunhas cousas no procedemento habitual do goberno como tamén se demostrou no anterior pleno coa aprobación da moción sobre a transparencia, creen que o goberno debe modificarse e debería corrixirse para que sexa dunha maneira orgánica, democrática e accesible. Indica que o que non pode ser que a corporación teña que enterarse das cousas polos medios de comunicación.

Toma a palabra o voceiro do partido socialista o Sr. Caamaño que indica que con respecto a creación da Comisión Informativa especial de modificación puntual do PXOM para dotación de chan industrial congratúlase de que as verbas que lle dixo



ó Sr. Alcalde o día da charla cos empresarios, a cal os membros da corporación non fomos invitados nin avisados, produciron o seu efecto e que baixara do seu pedestal e se poña en forma de cooperación cos demais partidos políticos para ir xuntos da man e propoñer cousas tan importantes coma esta dende o consenso de tódalas foras aquí representadas.

Puntualiza o Sr. González que entende que os grupos teñen que argumentar desa maneira e reitera a importancia para eles da creación da comisión e que se poña a funcionar canto antes.

### **VOTACIÓN**

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 1 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Constituír unha Comisión Informativa de carácter Especial denominada COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL MODIFICACIÓN PUNTUAL PXOM PARA DOTACIÓN DE CHAN INDUSTRIAL, cuxo obxecto será o estudo, informe e consulta en relación ao seguinte asunto: sobre a alternativa do chan industrial do PXOM.

**SEGUNDO.** Esta Comisión extinguirse automaticamente unha vez que ditaminen ou informen sobre o asunto que constitúe o seu obxecto.

**TERCEIRO.** A Comisión Informativa Especial de modificación puntual do PXOM estará integrada polos seguintes membros:

Membros:

- 3 representantes do Grupo municipal de Compromiso por Outes.
- 3 representantes do Grupo municipal do Partido Popular.
- 1 representante do Grupo municipal de Grupo Mixto-PSG-PSOE
- 1 representante do Grupo municipal Bloque Nacionalista Galego.



Total de membros: 8

Consonte que o establecido no artigo 125 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento, funcionamento e réxime xurídico das EE.LL., o alcalde é o Presidente de tódalas comisións informativas, sen prexuízo da facultade de delegación da mesma en calquer membro da Corporación.

— Secretario: O Secretario do Concello ou funcionario en quen delegue.

**CUARTO.** A Comisión Informativa Especial de modificación puntual do PXOM axustará o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro. A Comisión celebrará sesións ordinarias con periodicidade mensual.

**QUINTO.** Comunicar este Acordo aos diferentes Grupos Políticos Municipais, facéndolles saber que deberán designar aos seus representantes na Comisión, notificándoo por escrito en prazo de 10 días desde a adopción do presente Acordo.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### 3.- MOCIÓNS.

#### MOCIÓNS DO BNG E MOCIÓNS DO GRUPO MIXTO-PSOE

**Favorable**

**Tipo de votación:**

- **Do BNG:**

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

#### **MOCIÓN**

Exposición de Motivos:

A Casa de Pose é un ben patrimonial de gran valor no noso concello e, dende hai anos, atópase en venta. Dende o BNG creemos que é un inmovible que, a parte de ter un gran valor histórico, pode ofrecer un espazo perfecto para diferentes



proxectos municipais.

A Casa de Pose podería ser un lugar perfecto para a creación dun museo etnográfico de Outes, museo de Añón, podería acoller a oficina de turismo e incluso a biblioteca municipal pola súa necesaria ampliación. O seu xardín traseiro tamén podería ser un lugar perfecto para realizar diversas actividades culturais.

Podería converterse nun lugar referente en cultura de toda a ría. Creemos que é apto para infinidade de posibilidades e que é importante que, coma concello, apostemos por darlle unha nova vida ao noso legado histórico.

Dende o BNG de Outes pensamos que é urxente comezar trámites para valorar a posibilidade de adquirir dito inmovible. O uso final que a este se lle dea é responsabilidade do goberno e pode variar, non ten porque ser a proposta que facemos. Nós, coma sempre, estamos dispostos a axudar e facer máis propostas para o seu aproveitamento.

En base ao exposto, proponse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

### **ACORDO**

- Comezar contactos cos actuais propietarios para negociar unha posíbel compra.
- Iniciar trámites con distintas administracións para obter unha hipotética subvención parcial ou total.
- Comunicar os pasos ou decisións dadas no proceso a través das canles informativas aprobadas no anterior pleno.

### **DEBATE**

Toma a palabra a Sra. Molinos que expón que ó seu grupo non lles parece mal que se poñan en contacto cos propietarios deste inmovible para comprobar se a súa compra é viable e que se faga un estudo que determine o interese da adquisición de este edificio así como os usos que se lle puidera dar e que paralelamente se leven tamén a cabo xestións pertinentes ante as distintas administracións para indagar na posibilidade de establecer un convenio sobre esta actuación. De resultar de este estudo que a compra sexa interesante para o Concello sería procedente utilizar o superávit orzamentario para facerlle fronte ó gasto. Pero a pesar que no cierre das contas do ano 2018 o superávit de máis de 1.000.000€



según constan nos informes da liquidación do orzamento 2019 este ano pechárono vostedes cun déficit de máis de 800.000€, polo que expón que non se sabe se vai ser posible utilizalo para iso.

Toma a palabra o Sr. Caamaño voceiro do partido socialista que fai referencia que dende o partido socialista de Outes están convencidos de que a Casade Pose é un ben patrimonial de gran valor do noso concello e pensan que de poder mercarse sería unha gran oportunidade xa que un inmobile coma ese non o hai en calquera sitio. Expón que podería utilizarse para múltiples finalidades e que non deberían deixar pasar a oportunidade e despois lamentarse. Indica que non pase como noutros casos con este do que estamos a falar. Todo isto ten que estar supeditado lóxicamente ó prezo económico que se poida conseguir e por iso dende o partido socialista insiste que o equipo de goberno ten que xestionar o mellor posible este tema, xa que é de suma importancia para o futuro do Concello. Por iso anuncia que o grupo socialista votará a favor da proposta.

Toma a palabra o Sr. González indicando que o goberno valorando a importancia que sen dúbida ten, e o seu valor e interese arquitectónico cren que para iniciar un proceso de merca do inmobile con recursos propios ou con recursos alleos ir un pouco máis alá do prezo. Expón que o primeiro é ver se o concello de Outes ten os suficientes edificios e infraestruturas culturais para atender a demanda existente. Expón que o concello ten a casa da cultura e que está xa aprobado un proxecto para dotar de unha infraestrutura cultural en Broña, e creen que o concello ten infraestrutura cultural por non falar de moita outra a que se lle pode dar ese uso. Polo que reitera que non só é o custe inicial, xa que por outra banda atópase reformalo para uso público e os gastos que xera ese tipo de infraestrutura. Polo que expón que o goberno entende que non é o momento de apostar por esta adquisición de este inmobile e pensan que hai que manter o que se ten e cursar os proxectos que xa están en marcha e que non sería unha xestión adecuada. Por iso, anuncia que non poderán votar a favor desta proposta.

Toma a palabra o voceiro do BNG o Sr. Núñez que indica que o seu grupo que polo valor que ten reiteran que lles parece importante apostar por coidar o noso patrimonio e que dende BNG teñen a visión de apostar sempre por edificios xa existentes antes que construír novos e que outro dos principais punto para presentar esta proposta foi a baixada de prezo deste inmobile, xa que baixou a metade de prezo. Se ven é certo que sería preciso unha reforma, o inmobile non esta nunha situación tan deficitaria, polo tanto non sería tan elevado como noutros casos. Sinala coo máis importante de todo que piden que se inicien trámites, que a decisión final pode ser que non se merque pero cremos que é



necesario aínda que non urxente é que se fagan os contactos, ver que respostas teñen as administracións para subvencionar a adquisición e que creen que non é incompatible coa intervención realizada polo goberno.

Toma a palabra a Sra. Molinos para indicar que con respecto a intervención do Sr. González que a restauración podería resultar moi onerosa para darlle un uso público, pois é precisamente onde votedes poderían usar a súa capacidade para conseguir recursos doutras administracións e poden facer de ese xeito a reforma dese edificio.

Intervén o Sr. González para reiterar o anteriormente exposto.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN**, co seguinte resultado:

- CO: 5 votos en contra
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 1 voto a favor
- Grupo Mixto - PSOE: 1 a favor

- **Do BNG:**

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

### **MOCIÓN**

Exposición de Motivos:

No pleno extraordinario de decembro do 2019 aprobáronse as obras do POS 2020. Un pleno convocado xusto un día antes de que rematara o prazo marcado pola deputación para a presentación das mesmas. Na comisión previa ao pleno os grupos da oposición enteráronse de que se engadía unha partida para o derribo das escaleiras do Albán. Na mesma comisión esixiuse que se retirara do POS 2020 dita partida por varios motivos:

1. Non se acordou con ningún grupo nin foi unha demanda veciñal o seu derribo.
2. O BNG, no seu relatorio de propostas, incluía claramente o arranxo e acondicionamento das mesmas.
3. Non ten sentido proceder co derribo dunha obra que, na súa época tivera un





custe elevado, sen un previo estudio técnico que avaliase outras posibilidades.

4. Ter ditas escaleiras en bó estado e cun mínimo de mantemento engadiría un atractivo turístico único na nosa ría.

5. Proceder co derribo das escaleiras sen miramentos suporía a desconexión do lugar de Albeida co paseo do Albán e a veciñanza só tería a estrada para chegar camiñando á mesma.

O goberno, pola contra, decidiu incluír igualmente o derribo das mesmas a traición sabendo que o POS ía saír adiante igual debido á convocatoria de última hora do pleno e que a oposición non ía permitir que Outes quedáse sen o resto das obras que recollía o POS 2020. Compromiso xustificou a súa decisión alegando a que foi un proceso “democrático” xa que se votou en pleno e saíu adiante.

Esta xustificación é unha falacia xa que parte dunha falsa premisa: algo non ten porque ser democrático polo feito de que se vote en pleno. O proceso, por desgraza, foi totalmente o contrario: Compromiso comprometeuse a “co-deseñar” os orzamentos cando na práctica o único que fixo foi recoller algunha das nosas propostas e faceren e desfaceren eles como quixeron e sen consensuar co resto dos grupos. O goberno sabe perfectamente de que maneira actuou e é incapaz de asumir os seus erros e pedir perdón como demostrou máis adiante cando foi preguntado en pleno polo mesmo tema. O BNG defende que calquera actuación deste calado tense que tomar con consenso e que a soberbia dun goberno en minoría non pode hipotecar o futuro do noso concello.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

### **ACORDO**

-O goberno NON executará as partidas referidas ao derribo das escaleiras do albán no “CAPÍTULO 03 ARRANXO DO PASEO DO ALBÁN E RETIRADA DAS ESCADAS DO ALBÁN” da obra “ARRANXO PASEO FLUVIAL DA SERRA E OUTROS” do POS 2020

-Se é preciso facer algún trámite especial para o cumprimento deste acordo informarásese debidamente aos diferentes grupos desta corporación.

-O goberno pedirá un estudo para calcular o hipotético custe do adecentamento e arranxo estrutural das mesmas e farálo chegar aos diferentes grupos da corporación.



## DEBATE

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que comeza a súa intervención indicando que como xa dixeron no pleno extraordinario do 17 de decembro cando se debateu este tema, ó PP parécelle ben que se fagan obras novas pero indica que seguen sen entender que se destrúan as que xa están feitas e que pretendan derribar as escaleiras do Albán e creen que estas poden ser reparado ou consolidado. Continúa a súa exposición indicando que na anterior lexislatura levouse a cabo un estudo da restauración quedando redactado un proxecto ó respecto coa intención que se realizase de inmediato para que este atractivo turístico do noso concello, que o goberno seguiron mantendo como tal na páxina web, puidese ser utilizado polos nosos veciños e visitantes dunha forma segura.

Toma a palabra o voceiro do partido socialista que comeza a súa exposición lembrando que non se votou no pleno porque non se aceptou polo equipo de goberno e a situación da dotación desas obras do POS coñecémolas todos. O parecer do Sr. Caamaño naquel momento efectivamente os socialistas de Outes creen que sería mellor un arranxo e mantemento que non proceder o seu derribo e que as escaleiras ben coidadas axudarían a que se vexa mellor o entorno e non darían mal aspecto. Continúa a exposición indicando que de todos xeitos non sabe se é posible ou non que o goberno tome esa decisión ou se lle correspondería presentarlle á Deputación. Anuncia que o seu voto non afectando á legalidade será a favor.

Toma a palabra o Sr. González indicando que o goberno quere recordar que vostedes presentaron unha enmenda no pleno que debería ser algo parecido a isto e sorpréndelle que agora presente unha moción que presente o mesmo obxectivo. O goberno reitera os mesmos argumentos, que xa puxeron enriba da mesa no seu momento, e que o estado no que se atopan as escaleiras e se ven o proxecto que se aprobou que fai o arquitecto, dende o goberno entende que o estado co que nos atopamos esas escaleiras implica retiralas. Indica que como xa dixo no pleno citado con anterioridade que se consideran pertinente despois plantexar proxecto para volver a facer as escaleiras da cordo pero o goberno solicitou no seu momento a opinión dun técnico e o que pon e establece nese proxecto é retiralas.

Prosigue o Sr. González con referencia o indicado pola Sra. Molinos con respecto á existencia dun proxecto que deixaron a punto de executar de reparación das escaleiras e indica que deixaron o proxecto pero non os fondos. Proxecto de febreiro de 2019 e indica que o goberno fixo a valoración en novembro de 2019



cun deterioro evidente desas escaleiras. Prosigue indicando que ese proxecto que pasaba a substituír os pilares ascende a 55.000€, ese proxecto que se fixo en febreiro a situación posterior que se comprobou polo goberno era dun deterioro maior, por iso se tomou esta decisión. Expón que é unha infraestrutura que está tremendamente danada. En segundo lugar, non sabemos se é factible, dende o punto de vista da legalidade, prescindir dunha obra que foi aprobada en pleno onde se discutiu unha enmenda entenden que non deben apoiar esa moción.

Toma a palabra o voceiro do BNG o Sr. Núñez que indica que lles sorprende é que defendan o indefendible, con respecto ás palabras do Sr. González indica que di que se rexeitou a enmenda e que vostedes indican que se tiña que presentar na comisión, nesta indicouse a intención da enmenda e vostede poderíana modificar. Continua expoñendo que presentouse unha enmenda e non saíu adiante porque o PP, con todos os seus motivos e todos os seus argumentos, considerou que preferían salvagardar o resto das obras porque tiñan medo en poñer en perigo o resto das obras, cousa que estamos de acordo aínda que nós teñamos constancia de que non afectaba ó resto das obras. Prosigue sobre as palabras do Sr. González que di que o estado é moi malo pero o goberno non presentou ningún estudio técnico máis alá da frase do proxecto xeral pero non hai para este proxecto en concreto. Indica que o goberno fala de que de febreiro de 2019 a novembro/décembro de 2019 empeoraron moitísimo e indica que entón non deben pasar por alí. Indica sobre as palabras referidas polo Sr. González do proxecto feito polo PP que ascendía a 55.000€ pero que o goberno non propón para facer unhas novas escaleiras e indica que dende o BNG están seguros de que custarían bastante máis. Polo que expón que non hai ningún motivo razoable para apoiar o derribo das escaleiras. Dende o BNG pídelle ó goberno que atenda o que di o resto da oposición e que demostrase continuamente que non actuaron como debían actuar e que a oposición con todas as diferenzas ideolóxicas que temos e posicións estamos de acordo en que vostedes non están actuando como deben e roga que atenda o que lle di a oposición.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que refírese as palabras ditas polo Sr. González con respecto ó proxecto presentado para o POS, que entenden que o arquitecto que o fixo é o mesmo que o realizou uns meses antes para reformalas, e enuméranse as condicións de seguridade para ser utilizadas por iso o PP fixo o proxecto de reforma das escaleiras. Non creen que en ningún sitio poña que non poidan ser reformadas senón que non cumpren as normas de seguridade. En canto a que están en moi mal estado co paso deses meses reitera a Sra. Molinos o dito polo voceiro do BNG que non sabe que neses meses se estropean tanto e que creen que están mais ou menos no mesmo estado, aínda que entenden que debe



valoralo un técnico. Prosigue referíndose as palabras do Sr. González sobre que o PP deixou o proxecto pero non deixou os fondos e expón que o goberno cando chegou unha das primeiras cousas que fixeron foi empregar os fondos do superávit do ano anterior en facer unhas actuacións que ben poderían ser unha delas esta e non o fixeron. Cita que reformaron a rúa da Capela que facía 10 anos aproximadamente que xa se fixeran nesa zona e outras actuacións, aí está os fondos co que terían que ter feito iso.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que expón que se remite o dito que a actuación non sabe se efectivamente é legal o é cousa da Deputación e reitera o exposto con anterioridade.

Toma a palabra o Sr. González indicando que o goberno podería telo feito e que o PP tamén. Que as propostas que se fixeron para o POS que é unha listaxe bastante importante en ningún momento o PP fixo esa proposta e indica que esta argumentado en base o exposto polo PP. Reitera que a primeira valoración que tiveron dun proxecto de que solo substituír os pivotes e da mellora que son 55.000€ e case un ano despois fíxose unha nova valoración e indica que evidentemente o deterioro é moito maior e indica que vai moitas veces por alí. Indica que as escaleiras están en mal estado e que o goberno cree que hai que retiralas e anuncia que non votarán a favor e que non saben se xera unha inseguridade xurídica que van ver solicitando os informes pertinentes se esta moción saíse adiante.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN**, co seguinte resultado:

- CO: 5 votos en contra
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 1 voto a favor
- Grupo Mixto - PSOE: 1 a favor

Intervén o Sr. Núñez indicando que ogallá non tiveran que presentar estas mocións e recorda que no anterior pleno presentaron unha moción na que se pedían cousas moi básicas e que aprobouse e que non están cumprindo e que o único que se fixo dende o goberno e remitir un comunicado que di que os decretos están en “xestión” cando na moción en ningún momento se falaba dos decretos.

Doutra banda recorda que o BNG foi o único grupo que apoiou os orzamentos e que grazas ó BNG ten orzamentos, creemos que é bo recordalo.



- **Do BNG:**

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

### **MOCIÓN**

Exposición de Motivos:

A transparencia é un principio que as nosas institucións públicas deben tentar levar ao seu máximo expoñente. A transparencia é moito máis que cumprir leis e publicar o mínimo. O goberno actual gábase de transparencia máis aínda agardamos, dende o resto da corporación, que cumpra cuns mínimos. Ben puidemos comprobar ao comezar o mes anterior como o goberno incumpre, abertamente, unha moción aprobada con 8 votos a favor e 5 en contra. Unha gran maioría neste pleno pronunciouse sobre a necesidade de dar pasos firmes cara unha mínima transparencia neste concello e a súa única resposta foi unha contestación soberbia nun comunicado enviado dúas semanas despois.

A corporación do pleno, coma órgano onde reside a diversidade democrática e a realidade política do noso concello, expresouse ben claro e fixo un acordo, a parte de outros moitos, que o goberno decide, unilateralmente e en minoría, incumprir.

En contestación a isto o BNG sigue e seguirá na loita de conseguirmos un concello democrático e transparente para todos os veciños e veciñas. É por iso polo que queremos continuar co primeiro paso dado no anterior pleno e presentamos esta moción para cumprir cuns mínimos de transparencia no que á actividade do pleno se refire. Creemos fortemente necesario que a información relativa ao que acontece nos plenos non dependa dos xornais, partidos ou do vídeo íntegro, que pode ser moi longo para algúns veciños e veciñas.

Queremos que a veciñanza estea ben informada sobre o que acontece na corporación municipal pois é onde se toman as decisións de maior calado no eido municipal e é o órgano que ten a potestade de mudar as cousas. É por iso polo que levamos tanto tempo insistindo no correcto microfonado da sala de plenos pois o audio do vídeo é dunha pésima calidade e leva a moitos veciños a nin sequera entender o que aquí se di e moitas veces tampouco queda claro o resultado das votacións. Obviamente isto non é o único que hai que facer no que a transparencia se refire máis creemos que debemos comezar por cumprir cuns



mínimos.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

### **ACORDO**

-Que o goberno proceda coa adquisición e instalación dun equipo de microfonado da sala de plenos. Como mínimo o microfonado debe garantir que cada grupo conte con cadanseu micrófono de cisne, con acendido individual localizado, e haberá un, a maiores, para a alcaldía. O sistema deberá garantir a gravación total do pleno sen interrupcións, unha saída para alt falantes de baixa intensidade na sala. Isto deberá ter lugar nos próximos 2 meses.

-O goberno procederá coa adquisición dun servizo de conexión a internet alternativo, se o actual non o permite, para proceder coa correcta emisión ao vivo dos plenos a través das redes sociais oficiais do concello.

-O audio gravado a través deste sistema deberá ser o audio empregado nos vídeos e emisións do pleno.

-O concello deberá publicar nun prazo de 24h unha imaxe do pleno seguido dun resumo, sen valoracións, dos puntos e mocións debatidos co seu respectivo resultado, partido que propón e minuto do pleno no que comeza. A maiores, nun prazo de 48h, deberá publicar outra imaxe do pleno seguido das preguntas e rogos realizados. Ditas publicacións deberánse facer tanto nas redes sociais coma na páxina web.

-Os puntos anteriores deberán ter debido cumprimento dende a mesma semana que se aprobe esta moción.

### **DEBATE**

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos dicindo que o goberno máis transparente e participativo de Outes tal e como o Sr. González se proclamou no anterior pleno ante a gargallada xeral de tódolos presentes con excepción dos pertencentes o seu grupo é o mesmo goberno que por poñer algúns exemplos non lle deu acceso a este grupo á documentación relativa á subvención do IDAE da substitución das luminarias poñendo escusas e o mesmo a día de hoxe non foi quen de completar as valoracións que tiñan que ter en marzo no comprometido



no pleno do mes de outubro do ano pasado e o mesmo que foi polas parroquias facendo crer os veciños que ían participar nos plans de obras e a primeira oportunidade que vostedes tiveron non foron quen de ter en conta as súas petición. Prosigue a Sra. Molinos indicando que o mesmo sistematicamente o goberno non cumpre os acordos plenarios. Indica que ser transparente tamén é facilitar a transparencia e que os veciños teñan acceso cunha mínima claridade ás gravacións dos plenos e poidan informarse con claridade do que sucede e que parécenos unha xusta reivindicación.

Toma a palabra o Sr. Caamaño voceiro do partido socialista que expón que a transparencia non nos ven dada pola fiabilidade dun papel nin forma parte dunha institución por si mesma, senón que forma parte da propia persoa humana e indica que di isto por se non o tiñan claro, xa que o puxo claro o equipo de goberno cando se solicitou o expediente 468/2020 onde nos din a tódolos membros desta corporación que de informarnos como se informou en pleno nada. Prosigue a intervención dicindo que se eles queren informarse dise que accedan o “xestiona” ou o que vostedes queren e reitera que esa é a transparencia do equipo de goberno.

En referencia o acordo do pleno indica que o concello de Outes non precisa grandes instalacións pero que si é verdade que debemos falar máis alto e que mentres que os plenos se fagan no salón de actos non me parece algo tan primordial. Sobre que se conceda un servizo de conexión a internet alternativo e pregunta ¿e se tampouco vai o alternativo?. Continua que está de acordo coa cuestión de que deberían ter un día fixo de exposición para que os cidadáns que queren acceder saiban día o van ter a súa disposición. Tamén engade que está de acordo con que se podería estudar a creación dun vídeo cos rogos e preguntas por separado. Anuncia que como está de acordo nalgunhas cuestións e noutras non neste caso indica a súa abstención.

Toma a palabra o Sr. González que fai referencia a que escoitando a voceira do PP e indica que o grupo do PP lle da o apoio entusiasta a esta moción indica que lle pode plantexar aos membros do goberno volver á situación anterior que indica que sen dúbida era moito mellor indicando que os vídeos nunca se gravaban e agora de repente indica que o PP si apoia a mesma.

Prosigue expoñendo que ó grupo de goberno esta moción non lle parece unha moción e que lles parece un capricho e igual que a anterior presentada. Sinala que o equipo de goberno non ten problema, que non era unha prioridade pero que o farán o de microfonar. Indica que con respecto o das 24 horas xa se comunican



habitualmente os vídeos en 24 horas e con relación a unha imaxe do pleno cun resumo das mocións, votacións ou minuto no que se atopan no pleno, facendo referencia a tódolos puntos que se solicitan na moción e sinala se o grupo do BNG preguntouse se se ten o persoal e recursos para desenrolar todas estas peticións. Reitera que para o grupo de goberno isto non é unha moción senón un capricho ó igual que pretender que o goberno de conta de tódalas actividades e trámites que realiza na semana, son cuestións segundo indica non en aras da transparencia senón para poñer paos nas rodas. Non cree que en ningún concello de Galicia haxa ningún que faga estas peticións e fai referencia a plenos doutros concellos con gobernos do BNG e indica que o método e o mesmo utilizado polo concello de Outes. Indica que o goberno fixo un paso cualitativo gravando e publicando os plenos nas redes sociais e na web. Finaliza indicando que o grupo de goberno non pode votar a favor de dita moción.

Toma a palabra o Sr. Núñez que indica que se ó goberno lle parece un problema facilitar a información á veciñanza de Outes verdadeiramente o que ten un problema é o goberno. O BNG o que intenta é facilitar a información, a transparencia non é solo publicar, a transparencia é facilitar a información e é por iso tamén decidimos facela e se o equipo de goberno os prazos non lle parecen axeitados pode facer unha enmenda porque considera que o persoal ten moita carga de traballo iso pódese falar. Indica que a transparencia non é un capricho senón unha necesidade e un dereito da veciñanza. Indica que é un feito demostrado que cando o audio dun vídeo non é bo a xente non o ve e continua que o Sr. González non se cansa de faltarlle ó respecto a oposición deste concello e que o BNG solo quere que as cousas se fagan ben e en referencia ós concellos aludidos indica que estes non teñen os mesmos problemas que a sala de plenos de Outes.

Prosigue indicando que o Sr. González criticaba que no anterior pleno lle pedísemos todas as cousas que fai, indica que o que piden por exemplo é cando se inicien trámites. Indica que o que non pode ser é que se aprrobe unha moción e que o goberno se ría de nós nun comunicado, para nós e para os veciños de Outes.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que sinala que xa que o goberno deu un paso cualitativo pois que completen ese paso e que lle faciliten ós veciños a visión e a audición dos vídeos do pleno.

Toma a palabra o Sr. González que indica que o goberno insiste en que comentaron con anterioridade e que entenden que a transparencia é algo máis do





que se plantexa na moción e anuncia que o goberno votará en contra de mesma por crer que o que pretende a mesma é poñeren trabas o goberno e recórdalle o BNG que os alcaldes dos concellos que goberna o BNG que llo recorde.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN**, co seguinte resultado:

- CO: 5 votos en contra
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 1 voto a favor
- Grupo Mixto - PSOE: 1 abstención

- **DO Partido Socialista:**

O Grupo Municipal dos Socialistas de Outes, ao abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación no Pleno Municipal a seguinte

**MOCIÓN:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de ver como en diversos lugares do noso concello en algunhas fincas ou propiedades particulares están a medrar malezas estanse a crear situacións de risco par os nosos veciños e veciñas, non só por posibles focos de infeccións, senón tamén por posibilidade de caídas e lesións de calquera tipo. Dende o partido socialista de Outes queremos eliminar todo tipo de riscos e tamén situacións de fealdade de algunhas propiedades que son unha imaxe nefasta para o noso concello e para as nosas aldeas e por isto propoñemos para a súa votación o seguinte

**ACORDO:**

1. Identificar por parte do concello ós propietarios de fincas e propiedades que se atopen tanto en situación de fealdade como en situación de risco para os viandantes por culpa do seu abandono ou deixadez.
2. Instar a ditos propietarios a resolver estas situacións con premura, sobre todo para evitar riscos, e de incumprirse tomar as medidas e/ou sancións oportunas.

**DEBATE**



Toma a palabra a Sra. Molinos voceira do PP que expón que creen que o goberno municipal debe levar unha sistemática de adecuación para minimizar os riscos o que pode supoñer o mantemento e desbroce das fincas que presentan un estado que poden poñer en perigo a seguridade dos veciños ademais de ser unha mala imaxe para o noso concello, en definitiva cumprir coa lexislación. Continúa indicando que o grupo PP entende que para o goberno municipal levar isto adiante igual os fai poñer un pouco colorados e para esixir hai que dar exemplo e o estado de abandono que presentan en canto a limpeza e desbroce as propiedades municipais non é o caso máis exemplarizante. Por iso, pensamos que a moción debería ir un pouco máis alá e facer referencia a esta situación.

Toma a palabra o Sr. Núñez voceiro do BNG que expón que o BNG está de acordo coa moción e que é moi triste que a oposición teña que presentar este tipo de mocións. Entendendo que se aprobará reitéralle o goberno que nese caso que a cumbran.

Toma a palabra o Sr. González facendo referencia a moción o grupo entende que fai referencia as fincas urbanas, non por tanto podéndose referir á lei de incendios. O goberno expón que está completamente de acordo e que se están facendo accións nese sentido e que en casos pódese facer de forma sistemática dentro dos medios e as capacidades que o goberno ten e que non sempre é fácil poñer en marcha identificar ou localizar os propietarios. Anuncia que o goberno votará a favor de dita moción.

Toma a palabra o Sr. Caamaño para indicar ve a posición dos diferentes partidos políticos sobre a moción do partido socialista.

Toma a palabra a Sra. Molinos para aclarar que a lei de incendios si que contempla parcelas situadas en solo urbano.

Toma a palabra o Sr. González para sinalar que ó goberno cando se lle presenta unha moción razoable apoian dita moción.

Abandona o pleno a concelleira Raquel García Barreiro.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN**, co seguinte resultado:

- CO: 4 votos a favor e 1 abstención
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 1 voto a favor



- Grupo Mixto - PSOE: 1 voto a favor

- **Do Partido Socialista:**

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación no Pleno Municipal a seguinte moción en relación ao Protocolo fronte ao coronavirus na volta ás aulas este vindeiro curso escolar.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O dereito á Educación é un dereito fundamental recollido no artigo 27º da nosa Constitución e os centros educativos representan o espazo no que este dereito ha de articularse e desenvolverse e a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias plenas no ensino tal e como establece o artigo 31º do noso Estatuto de Autonomía.

A situación derivada da pandemia producida pola Covid-19 supuxo que o sistema educativo galego, ao igual que os de todo o Estado, se vise inmerso nunha situación inédita como consecuencia do pertinente, necesario e obrigado peche dos centros educativos.

Aínda que a educación a distancia, cun esforzo sen precedentes do profesorado, alumnado e familias, serviu para poder resolver unha situación excepcional á que houbo que facer fronte de forma inmediata, non substitúe á aprendizaxe presencial, pois é a contorna escolar e a interacción escolar cos docentes e entre o alumnado o que mellor permite a aprendizaxe, a socialización e o seu desenvolvemento.

Como elemento adicional a ter en conta debe engadirse o feito de que o peche dos centros educativos xera fendas de desigualdade debido aos diferentes recursos materiais, dixitais e persoais existentes en cada familia; brechas que son máis fondas canto menor é o nivel socio-económico das familias. E tamén, como vimos de comprobar, xera desigualdades no benestar emocional e social.

Por todo o anterior, faise necesario retomar a actividade presencial adoptando todas as medidas de prevención e hixiene necesarias que permitan facelo de forma segura e manter o control da pandemia.

O desenvolvemento do curso 2020-2021 é imprevisible, dado o descoñecemento



que aínda temos acerca da posible evolución da pandemia do Covid-19. En consecuencia, resulta imprescindible prever diferentes escenarios aos que adaptarse dependendo das circunstancias sanitarias que poidan darse e toda esa previsión debe plasmarse nun protocolo para os centros docentes que regule o desenvolvemento da súa actividade, tanto lectiva como dos servizos complementarios.

Ao Partido Socialista de Galicia, como partido político de goberno que é, non lle resulta allea a enorme dificultade á que se debe enfrontar unha Administración para elaborar tal protocolo que necesariamente teña a capacidade de adaptación necesaria ás distintas e hipotéticas realidades que se poidan producir, partindo das premisas de garantir a seguridade e saúde do persoal empregado e do alumnado, así como a máxima conciliación da vida familiar e laboral. Nese sentido, sempre estaremos dispostos a apoiar as accións que o goberno da Xunta de Galicia adopte froito do diálogo e consenso necesario con todos os sectores da comunidade educativa.

Lamentablemente non nos atopamos nese escenario co proxecto de protocolo elaborado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que ten concitado o rexeitamento dos docentes, familias e concellos. E isto é así porque o goberno da Xunta de Galicia que debe afrontar, máis que nunca, a súa responsabilidade de goberno o que fai é centrifugar responsabilidades cara aos centros, ANPAs e concellos sen dotalos dun marco estable, seguro e cos recursos humanos e materiais necesarios tamén para a totalidade dos servizos complementarios (comedor e transporte escolar). A situación do rexeitamento pode resumirse do seguinte xeito:

- Os representantes do profesorado solicitaron retirar o protocolo e negociar un novo documento que responda ás demandas do profesorado e do conxunto da comunidade educativa, que garanta un ensino presencial seguro, adoptando todas as medidas para afrontar adecuadamente unha posible interrupción da docencia presencial, ao entender que nada diso se recolle no documento da Consellaría, que descarga toda a responsabilidade -tamén de seguridade e hixiene- nos equipos directivos e no conxunto do profesorado.
- Por parte dos representantes de nais e pais de alumnos se lamenta que non existan ningunha representación súa na comisión Covid que se debe crear nos centros, á vez que advirten da imposibilidade de levar a cabo actuacións que se prevén, como a renovación de aire, a redución das ratios nos comedores e transportes escolares e advirten da moi difícil conciliación nos casos dalgún



contaxio e o tempo previsto para o reingreso nas aulas que pode chegar a mes e medio.

- Por último, dende os concellos e a FEGAMP trasladouse a complexidade de asumir as medidas previstas ao aumentar de maneira moi importante as cargas e custos derivados en materia de limpeza e desinfeccións. Mesmo existen dúbidas por parte dalgúns servizos de Intervención municipais sobre a autorización de gastos para dar cumprimento a disposicións que carecen de rango normativo axeitado.

Así as cousas, resulta máis que evidente que se debe reconducir a situación de maneira urxente, e para elo, o grupo municipal do PSdeG-PSOE presenta a seguinte:

#### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

O Pleno do Concello de Outes insta á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que:

1. Inicie de forma inmediata reunións cos representantes do profesorado e das familias do alumnado para acadar un documento consensuado que permita afrontar o desenvolvemento do curso 2020-2021 coas máximas garantías posibles.
2. Se dote aos centros do profesorado e persoal suficiente para garantir unha actividade educativa correcta en calquera dos escenarios posibles que se poidan dar ao longo do próximo curso.
3. Establecer unha nova reunión urxente coa Fegamp para valorar todos os recursos necesarios para o normal desenvolvemento do curso escolar, así como xerar unha dinámica de colaboración estable para este cometido mentres dure esta situación extraordinaria.
4. Se habiliten os fondos extraordinarios necesarios e se tramiten as modificacións orzamentarias pertinentes para que os incrementos de custes que deben asumir centros, ANPAS e concellos como consecuencia das medidas que se dispoñan nese novo protocolo sexan asumidos polo goberno de Xunta de Galicia.
5. Que os fondos extraordinarios do Goberno de España destinados a educación se negocien de maneira transparente con todos os sectores implicados.



6. Que se garanta o funcionamento de comedores e transportes escolares, cando menos, nos mesmos termos nos que o servizo daría cobertura en situacións normais.

Toma a palabra o voceiro do partido socialista indicando que hai unha enmenda do BNG que introduce os puntos o BNG e que dende o partido socialista engadimos á nosa enmenda. Procede o voceiro do BNG á lectura da enmenda e indica que habería que suprimir na mesma o punto 4 e o resto dos puntos serían os seguintes:

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido no artigo 97.5 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais formula, á parte dispositiva do punto 4 da orde do día do Pleno ORDINARIO de agosto, denominado Moción do PsdG sobre o protocolo de volta ás aulas, a seguinte

#### **ENMENDA DE ENGÁDEGA**

1. Esixirlle a Consellería de educación que manteña os mesmos criterios establecidos, no que respecta ás regras de distanciamento persoal e aforo, nas aulas que para o resto da poboación.
2. Que se recollan medidas específicas para o alumnado de necesidades educativas especiais. Tanto en medios de transporte como reforzos.
3. Adoptar con carácter de urxencia, as medidas necesarias para pór solución á fenda dixital no rural, que quedou de manifesto durante o confinamento, para poder impartir aulas de maneira telemática.
4. Esixirlle á Xunta de Galiza que asuma a lei 27/2013 na que se establecen as súas plenas competencias en materia de educación, saúde e servizos sociais. A día de hoxe son os concellos os que asumen a limpeza ordinaria dos centros educativos. Ante a situación que nos atopamos deberan tomarse medidas de limpeza extraordinarias. Debe ser a Xunta quen asuma este sobrecoste.
5. Que dito protocolo inclúa a regulación das actividades extraescolares, o Plan de madrugada e os comedores escolares.
6. Instar á Xunta de Galiza que asuma o custe das máscaras, polo feito de que é



obligatorio levalas e non todas as familias están en condicións de afrontar este gasto.

7. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galiza, á FEGAMP e ANPAs existentes en Outes.

Finalizada a lectura da enmenda, prodúcese a **VOTACIÓN**, co seguinte resultado:

- CO: 4 votos a favor e 1 abstención
- PP: 5 abstencións
- BNG: 1 voto a favor
- Grupo Mixto - PSOE: 1 voto a favor

### **DEBATE**

Toma a palabra a Sra. Molinos que fai referencia que o PP é consciente de que a pandemia que estamos a vivir marca e complica dunha maneira moi importante o escenario de como se vai a facer a volta as aulas dos nosos rapaces, hai que conxugar a maior normalidade coa maior seguridade e coas medidas que garantan o cumprimento das normas de distanciamento social pero tamén coa consecución dos obxectivos educativos dos nosos escolares despois do curso 2019-2020 totalmente atípico. Continua que a Consellería de Educación despois de facer un estudo da situación da nosa comunidade e seguindo os criterios avalados polas autoridades sanitarias autonómicas presentou un protocolo de adaptación ó contexto COVID 19 nos centros educativos non universitarios con medidas de adaptación tanto de carácter laboral, organizativo, formativo e pedagóxico para o vindeiro curso. Continua expoñendo que Galicia a día de hoxe as condicións de inicio do curso están recibidas nese protocolo de xullo que vai ser obxecto de actualización en función das indicacións das autoridades sanitarias derivadas da variación da situación sanitaria.

Facendo referencia ó punto da moción tamén indica que o PP ten que dicir que se está á espera de que o Ministerio concrete o reparo de fondos prometidos, a súa contía, cando se vai materializar e en qué condicións. A día de hoxe as CCAA aínda non recibiron nin un € deses fondos que na tería deberían servir para afrontar os gastos extraordinarios que se están a facer fronte ante esta situación. Anuncia a Sra. Molinos que o PP non pode apoiar esta moción xa que pensan que ten un transfondo totalmente político dirixida a unha administración determinada, cando as CCAA levan moito tempo reclamando unhas indicacións por parte do goberno central e foi aínda hoxe cando o Ministerio os convocou para ter unha



xuntanza, coas diferentes ministras. Ademais, engade a Sra. Molinos que o PP quere poñer de manifesto é que cando foi presentada esta moción o goberno municipal aínda non tiña presentado ningún protocolo para a volta ás actividades de competencia municipal porque non foi ata o día 21 de agosto cando se publicou na páxina web do concello a apertura do prazo de inscrición e existencia dun protocolo ó respecto que se lle dará a coñecer a aqueles que se inscriban. Indica que lles sorprende que na proposta non se fixera referencia a estes aspectos da entrada no curso escolar que son particulares do concello de Outes e que forman parte moi importante da formación dos nosos cativos e que dependen directamente do concello.

Toma a palabra o Sr. Núñez voceiro do BNG para puntualizar que é certo hai un protocolo presentado en xullo que non é aceptable nin suficiente, xa nunha situación normal un ratio de 25-30 alumnos por aula é inaceptable e moito menos nunha situación de pandemia se pode considerar moi seguro. Neste senso indica que sería bo que non se tivera pechado o colexio de ser así as aulas estiveran moito menos masificadas. O Sr. Núñez expón que quere contestar a unha cuestión indicada por parte da voceira do PP a Sra. Molinos relativa que é unha moción de transfondo político e indica que si que o é e que están para facer política e que hai que falar e debater e contrapoñendo ideas e engade que está agardando invitacións por parte do goberno estatal cando fai uns meses dicían que o goberno estatal non deixaba actuar ás CCAA. Refírese a que é curioso que o país teña competencias nesta materia e que non exercer esas competencias.

Toma a palabra o Sr. González anuncia que o goberno lle dará o apoio a esta moción coa engádegas que se ven de aprobar e que están de acordo coa mesma e que se che ó consenso e entenden que é unha cuestión complexa e que non vai ser fácil. Indica que a quen lle toca facelo é a quen ten as competencias para iso e cren que ten que estar as duras e as maduras. Refírese ás palabras da Sra. Molinos e indica que é para facer política e que hai moitas formas de facer política, cando o PP de Galicia no seu momento dicía que o goberno central estaba excedendo as competencias e cuestións. Finaliza indicando que é labor da Xunta de Galicia e indica que é esta a que ten que crear as condicións para un regreso o máis seguro posible ás aulas polo ben de todos.

Toma a palabra o Sr. Caamaño e indica que con respecto ó dito polo BNG e por CO, eles sempre estarán dispostos a apoiar as accións que o goberno da Xunta de Galicia adopte froito do diálogo e do consenso, necesario por todos os sectores da comunidade educativa. Indica que non buscan ir en contra da Xunta busca o ben dos rapaces, fai referencia ás palabras do Sr. González con respecto a





complexidade da situación e o que hai intentar é remar todos a favor para levar isto adiante o mellor posible.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN**, co seguinte resultado:

- CO: 4 votos a favor e 1 abstención.
- PP: 5 abstencións
- BNG: 1 voto a favor
- Grupo Mixto - PSOE: 1 voto a favor

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Comeza o Sr. González citando as cuestións na dación de contas que por un lado é o peche de liquidación do orzamento e a información económico-financeira sobre o que non hai consideracións por ningún dos grupos políticos.

## **C) ROGOS E PREGUNTAS**

### **PREGUNTAS**

- **Do pleno anterior.**
- **Do PP:**

A pasada lexislatura o Concello de Outes acolleuse ao desconto do 10% no canon que SOGAMA ofrecíalle aos concellos adheridos. Isto levaba consigo que o concello ademais de ter que adoptar medidas orientadas a reducir a xeración de residuos e o fomento da reciclaxe, terían que repercutir esa modificación do 10% directamente nos veciños. Ambas circunstancias deberían ser acreditadas ante SOGAMA antes de finalizar o mes de febreiro no ano 2020. No pleno ordinario do mes de xaneiro preguntámoslle que en que situación se encontraba a repercusión desa modificación nos recibos emitidos aos veciños e contestáronos como é costume no pleno de febreiro. A contestación literal foi “intentárase facer o antes posible a modificación da ordenanza respectiva, cousa que non se fixo antes porque non houbo tempo material”. Estamos a finais de xullo e vemos que xa pasaron a cobro o recibo do lixo do segundo semestre do ano 2019 pero dar de baixa aos veciños non temos noticias.

### **PREGUNTAS:**



**1)**Teñen verdadeiramente vostedes a intención de facer ese desconto no recibo do lixo para que lles resulte máis barato ós veciños de Outes?

**2)**De ter vostedes esa intención, a que agardan? Cando vai a estar esta ordenanza lista para poder abaratar o recibo do lixo?

O Sr. González contesta que teñen a intención de aplicar esa bonificación e que están traballando na modificación de dita ordenanza e non é un trámite que se faga dun día para outro e é un trámite que precisa un estudo económico previo e os medios do concello son os que son e xa o incluimos no Plan Normativo aprobado neste pleno e agardamos traer a modificación da ordenanza o antes posible.

Puntualiza a voceira do PP a Sra. Molinos que entenden que as cousas non se poidan facer dun día para outro pero que dun ano para outro tampouco. Expón que se fixeron outras ordenanzas que non tardaron tanto en darlles saída como esta.

Responde o Sr. González que para eles tiñan máis prioridade as que se levaron a cabo.

No pleno extraordinario do 17.06.2020 aprobáronse as bases reguladoras para a concesión de urxencia das axudas económicas para o mantemento da actividade económica e o emprego no Concello de Outes debido á crise pola COVID 19. O noso grupo manifestoulle en varias ocasións ao goberno que esas axudas debían ter carácter de máxima urxencia para que os afectados dispuxeran de ese apoio económico canto antes. Pois ben, mes e medio despois da aprobación desas bases non temos constancia de que se fixera ningunha acción ao respecto polo que queremos preguntarlle ao goberno:

**1)**Publicáronse no BOP esas bases tal e como se recollía no acordo do pleno?

**2)**De terse publicadas en que data se fixo?

**3)**No caso de que aínda non fosen publicadas, teñen vostedes intención de facelo? E de ser así, cando se publicarían?

**4)**Se teñen vostedes a intención de que os posibles beneficiarios destas axudas poidan acceder a elas, para que data calculan que poderán dispoñer efectivamente dos cartos que recollen estas axudas?

Responde o Sr. González que están publicadas as bases no BOP con data 26 de agosto e o procedemento vai moito máis lento do que quixeran e dalgunha maneira estiveron agardando á proposta que ía facer a Deputación que finalmente fixo unhas axudas económicas moi semellantes ás que plantexaron no concello e indica



que foron publicadas as bases non as axudas fai 15 días aproximadamente e que as están estudando e indica que ambas non son compatibles e consideran que están tardando máis do que deberían. Agora queda agardar 30 días dende a publicación e que en outubro se fagan efectivas.

A Sra. Molinos indica ó Sr. González que recorde esa data que si, outubro. O Sr. González contesta que será en outubro e que está gravado e que agardan que estean dispoñibles.

Estes últimos días puidemos ver nas redes sociais e na páxina web do concello dous vídeos, que entendemos que foron a parte de Outes Recupera, un sobre o comercio local e outro sobre o turismo.

- 1)**En que medios de comunicación se lles dou difusión a estes vídeos?
- 2)**De terse feito nalgunha canle de televisión ou similar, cantos pases, que días e a que hora se fixeron?

Contesta o Sr. González que estes vídeos foron difundidas en dúas canles d televisión, canal Barbanza os dous, turismo e comercio, 5 pases diarios en prime time cada un deles do 15 de xullo o 31 de agosto e o de turismo foi emitido tamén na TVG na desconexión territorial de Santiago de Compostela sendo 20 spots do 10 o 21 de agosto e as horas son dependendo do día 13:45, 15:45, 20:45, 21:45 e 22:15.

Moitos veciños do Concello nos mostraron o seu descontento polo estado de abandono e descontrol no que se encontra o desbroce das pistas municipais. Publican vostedes no Facebook uns cadros de desbroces xerais nos que en moitos casos non se lle da cumprimento e na maioría das veces van con retraso ou unicamente acondicionan algunhas pistas da parroquia que figura e non a totalidade das mesmas. Nese mesmo medio as preguntas que se lle fan a través dos comentarios vostedes contéstanlle a uns veciños e a outros non lles contestan directamente. O caso é que estamos a finais de xullo, teñen programado para mediados de agosto. Van con retraso e vemos que nas últimas programacións non se mencionan as parroquias de San Cosme, nin Santo Orente, nin Tarás, nin Sabardes, nin particularmente ningún dos seus núcleos. Polo desenrolo que levan o traballos parece que aínda van a tardar en pasar os tractores. PREGUNTA:

- 1)**Para cando lle vai tocar o desbroce das súas pistas ás anteditas parroquias?



Responde o Sr. González que este tema xa foi tocado e que o goberno é moi consciente de que eses traballos van máis retrasados do que deberían e tamén que existen motivos obxectivos para iso e indica que fixeron outras cousas que a partir deste momento os traballos se fagan de forma máis sistemática e dalgunha maneira de xeito máis eficiente e eficaz e contratar a dous tractoristas e incorporalos á plantilla de forma indefinida e indica que cando se publica unha programación moitas veces non se pode cumprir porque hai avarias e problemas que xorden pero tratan de facelo o mellor posible e indica o comezo dos lugares do luns.

Con respecto á contestación dunha das preguntas que quedaba pendente, entendinlle que o obxecto do servizo de desbroce, contrato menor, xa finalizou. Faltaba algo por facer e vostede dixo que xa se fixo o que faltaba. Vostede díxonos que faltaba algo por facer.

**1)Cales son as cunetas que se desbrozaron, nas que se actuou? E a ser posible como iso ten unha medición, cantos metros de cuneta se fixeron en cada un?**

Responde o Sr. González que non se trata dun contrato para desbroce é de limpeza arranxo de camiños e explica que xa comentou e que o camiño pode ter uns 80 metros pero aclara que non é de desbroce. A Sra. Molinos aclara que entenden perfectamente que non era só de desbroce e que entenden o proxecto dende o principio.

Antes falaban da cota do campamento, din que vai ser igual en tódalas quendas. O outro día dixemos que aquelas quendas onde non estivera aínda a ordenanza para aprobar non as ían a tocar.

**1)Na primeira quincena xa non houbo ordenanza, polo que o cobro vai ser de 0€. Se se aproba a ordenanza no medio do campamento, van a cobrarlle ás outras quendas?**

Responde o Sr. González que a ordenanza entrou en vigor onte no medio da última quenda polo que a intención é non cobrar ningunha das quendas xa que está publicada unha vez iniciadas.

- **Do BNG:**



Efectivamente como explicaba a voceira do PP para acollerse á bonificación de SOGAMA un dos requisitos necesarios a cumprir é a reciclaxe, tarefa difícil para algúns dos nosos veciños posto que non teñen preto das súas casas os contedores.

#### **PREGUNTA:**

**1)** Pensa vostede en algún momento substituír os contedores deteriorados ou repoñer aqueles que faltan para poder facer un reciclaxe óptimo e axudar aos veciño?

Responde o Sr. González que pensan facelo e que de feito xa recibiron o pedido da modificación ambiental de 40 contedores e seguramente na maior parte máis, 20 verdes (orgánico), 20 amarelos que vanse repartindo non vindeiros días alí onde é necesario.

- **Do PSOE:**

1) Ten pensado vostede coa súa actitude rematalo mandato como alcalde?

Responde o Sr. González que si que ten esa intención.

- **PREGUNTAS PRESENTADAS PARA O PRESENTE PLENO:**

- **Do PP:**

#### 1ª PREGUNTA

O día 29 de xuño comezou a primeira das 5 quendas de verán. O día 17 de xullo comunican que había prazas vacantes nas diferentes quendas, non sabemos se se chegaron a completar estas prazas nin se se fixeron todas as quenda,

As nosas preguntas son:

¿Cantos usuarios acudiron a cada unha das quendas?.

¿Cantos deles, en cada quenda, NON estaban empadroados en Outes?

Responde o Sr. González que a información que teñen a día de hoxe é que a primeira quenda 16 asistentes, segunda quenda 18 asistentes, terceira quenda 18 asistentes, cuarta quenda 14 asistentes e quinta e actual 9 asistentes. Prosegue indicando que o dato que teñen de empadroados ou non é o total de 23 rapaces e



rapazas porque algúns deles repiten en diferentes quendas e dos cales 15 están empadroados en Outes e 8 non o están. Continúa dicindo que é un servizo necesario e que este ano cos condicionantes que tiña.

## 2ª PREGUNTA

O día 21 de agosto anunciaron na páxina web do Concello que dentro do programa de Outes Concilia ofertaban vostedes os servizos de Madrugadores e de Tardes Divertidas. No cartel anunciador fan vostedes referencia a que eses servizos serán sometidos aos “prezos públicos establecidos na ordenanza reguladora os servizos”, na nota informativa que acompañan figura que “Os prezos públicos de madrugadores e tardes divertidas figuran establecidos na ordenanza reguladora correspondente e

ascenden a 20 € mensuais cada un deles, podendo ser utilizados por un importe de 2€ por día e servizo.” E na folla de inscrición piden o número de conta bancaria para a domiciliación do recibo.

¿Esto significa que xa está en vigor a ordenanza relativa ao cobro do servizo incluídos no programa Outes Concilia?

De non ser así:

¿Por qué fan referencia vostedes na cartelería e documentación relativa a este servizo a unha ordenanza que non está en vigor?

¿Pensan, acaso, cobrar por estes servizos (tal e como se desprende dos anuncios antes citados) sen ter a correspondente ordenanza en vigor?

Finalizada a intervención aclara a Sra. Molinos que dende onte está a ordenanza en vigor e responde o Sr. González a que polo tanto a ordenanza está en vigor posto que foi publicada onte no BOP.

## 3ª PREGUNTA

Na Xunta de Goberno Local celebrada o 17.08.2020, adjudicouse a execución da obra “Aparcadoiro de autocaravanas e aseos na Praia de Broña” financiada con fondos do superávit do ano 2018.

O noso grupo fíxolle ao goberno local un rogo no Pleno ordinario do mes de febreiro



deste ano co obxecto de facerlle chegar as queixas dos veciños referentes á ubicación dos aseos contidos nese proxecto e para pedirlle que atenderán ditas queixas e que se buscara unha solución satisfactoria para as partes implicadas, recordándolle o que sempre dixo o Sr. Alcalde con respecto a que os proxectos podían ser modificados.

A nosa pregunta é:

Despois do rogo feito, ¿estudaron vostedes a posibilidade, en colaboración cos veciños afectados, de modificar a ubicación dos aseos?

De ser así, ¿Qué solución se lle dou á reivindicación veciñal de cambio de ubicación?

Responde o Sr. González que estiveron en contacto cos veciños e que dous veciños non vimos motivos sólidos para cambiar a localización e recorda que o goberno propoñía unha alternativa a estes aseos e foi derivado a que se fixo unha comisión ad hoc porque non se aprobou naquel momento esa proposta e que chegamos a conclusión de facelos onde vostedes din agora que se fagan nun mellor sitio. Indica que non poden andar de atrás para diante e que pensan que non vai causar problemas de ningún tipo e por tanto entenden que é o mellor sitio como nesa comisión entenderon. Intervén a Sra. Molinos que para eles a intención é que lle fixeran caso ós veciños que eran os que manifestaban ese descontento.

#### **4ª PREGUNTA**

O 27 de xullo pasado fixéronnos vostedes chegar unha parte da valoración que tiñan pendente dende marzo, das actuacións que estaban incluídas no acordo plenario derivado da Moción presentada polo noso Grupo ao Pleno de Outubro do ano pasado.

No documento da valoración, aparece a actuación “Camiño de San Lourenzo a Mastontán” valorada na cantidade de 36.750,91 €.

Vemos que na subvención concedida por AGADER para a “Mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 20-21” para a execución do proxecto “CAMIÑO DE SAN LOURENZO A MASTONTÁN E OUTRO”, no que vostedes incluíron a mesma actuación, a valoración da mesma é de 25.357,03 €.

¿A qué é debida esta contradición na valoración desta actuación?



Responde o Sr. González que lle chama a atención que o PP faga esa pregunta xa que teñen experiencia no goberno e a valoración dos 25.357,03€ é a realización material desta obra e como saben e coñecen que ás obras o custe material hai que engadir 13% de gastos xerais, o 6% de beneficio industrial e o 21% do IVE. Indica que se o PP engade todo iso xa lle da esa cantidade, AGADER non financia o IVE pero o resto aparece todo.

- **Do BNG:**

O grupo municipal presenta as seguintes preguntas:

-No BOP do 20/8/2020 sae publicado o Padrón correspondente as taxas de lixo e saneamento, do primeiro semestre do 2020, período que coincide co que se anunciara que se ía a proceder a unha exención de ditas taxas como medida para a axuda económica e apoio aos nosos autónomos, o que contou co apoio de tódolos grupos da oposición. Pero o que ía ser unha exención, logo pasou a ser un prorrateo ou aprazamento das mesmas para aqueles autónomos, empresas e distintos negocios que se viron afectados polo peche ou redución de actividade ante o covid-19. O BNG de Outes quere saber cal vai ser en realidade a medida a tomar con respecto a ditas taxas? Se a medida non é a exención, cal foi o motivo do cambio de criterio?

Responde o Sr. González que hai que sinalar que o BNG parte dunha premisa errónea, xa que en ningún momento se dixo que se ía a eximir do pago desta taxa. Na comisión chegouse a valorar por secretaría e intervención establecendo que non era posible a exención. E o que se anunciou era o apartamento e que iso foi o que se aplicou.

-A Xunta delegou no concello o desinfectado dos espazos públicos.Ten previsto o concello facer algún neste período? Se a resposta é afirmativa como e cando comezarán eses traballos? Se a resposta é negativa por que?

Responde o Sr. González que de novo non ten claro que a Xunta delegase nada nos concellos e que en calquera caso se se refire as desinfeccións que se fixeron neses momento estábamos noutra situación e onde non tiñan moitos medios de protección e hixiene e que por iso se levaron a cabo deste xeito. Indica que neste momento pensa que xa non estamos nesa situación pero non descarta que o teñan que volver a facer.





-Estase a implantar a fibra óptica no noso concello e temos constancia de que aínda non hai ningún edificio público con conexión decente e moitos negocios altamente dependentes de internet tampouco. Sabendo que isto non é competencia municipal mais que si que se pode axilizar e influír dende o goberno local,fixeron algunha xestión ou contacto para mellorar a implantación da fibra óptica en Outes? Que xestións?

Responde o Sr. González que fixeron algunhas xestións e estanse a facer de forma continua e están en contacto cos de fibra óptica xa que existen distintos tipos. Estamos ante un problema que nos diferentes lugares que en teoría deberían ter este servizo na práctica non o teñen e as casuísticas son tamén moi diversas. E indica que están realizando as xestións para que se realice o antes posible.

-Fai unha semana houbo unha reunión convocada por unha das empresas promotoras de varios parques eólicos no noso concello.Por que motivo non asistiu ningún membro do goberno local?

Responde o Sr. González que coincidiu non foi posible acudir e que en calquera caso entendían que esa reunión estaba destinada ós afectados máis directos e nós coñecemos a proposta que fai a empresa, polo que non críamos que fose esencial a presenza dos membros do goberno nesa reunión. Indica o Sr. Núñez que lle parece moita casualidade que dos 5 membros do goberno non puiden asistir e que o goberno non se digne a aparecer neste tipo de reunións para o apoio á veciñanza. Engade o Sr. González que o goberno está en contacto continuo cos veciños e coas plataformas e con empresas concretas e seguen procurando que o impacto ambiental sexa o menor posible.

- **PREGUNTAS ORAIS PARA ESTE PLENO:**

• **Do PP:**

**1ª PREGUNTA:**

No pleno ordinario de xullo o noso grupo fíxolle ó goberno un rogo para que tomasen as medidas necesarias para solventar o mal estado no que se encontraba a fachada do número 33 da avenida de San Campio, queremos saber se o goberno fixo algo ó respecto. De ser así, ¿que foi o que fixeron?

**2ª PREGUNTA:**



Onte publicouse a ordenanza polo prezo público polo servizo de conciliación da vida laboral e familiar Outes concilia e vemos que na disposición final di literalmente o seguinte “Esta ordenanza entrará en vigor o 14 de abril do presente ano de 2019, salvo que en dita data non se teñan completados os trámites legais previstos nos artigo 49 e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, neste caso a vixencia queda demorada ó momento o que de cumprimento as previsións dos anteditos artigos”. A continuación asina o día 20 de agosto do ano 2020 a alcaldesa en funcións. A nós lendo o texto non nos queda moi claro se é preciso que unha ordenanza que se asina o 15 de agosto do ano 2020e se publica o 26 de agosto poida entrar en vigor o 14 de abril do presente ano, referido ó 2019. Podemos supoñer que é un erro de transcripción pero queremos preguntarlle o seguinte:

Se nos poden aclarar todo isto e como se explica todo isto e ¿que día entra en vigor a ordenanza?

Indica a Sra. Molinos que sucede o mesmo co Regulamento e que non entenden a que se debe.

- **Do Partido Socialista:**

**1ª PREGUNTA:**

O partido socialista de Outes está pensando solicitar forzas coas vellas glorias socialistas deste partido, xa que, naquel momento imos ver como ante os rogos dos distintos partidos aquí representados de limpeza dalgunhas limpeza e zonas imos facer caso omiso. Sen embargo sabemos que en Outes o que funciona é o ceibe. Xa que vimos incrédulos como o parque da Cruz o mandaron limpar dous días despois de que aparecese unha foto no Facebook a partir de agora vémonos na obriga de subir aquelas fotos de aqueles lugares que desexamos adecentar, coa mala imaxe que isto da para o noso Concello. Realmente ¿é como vai vostede a gobernar e adecentar o noso Concello? ¿segundo marque o Facebook o tendo en conta ós órganos e partidos aquí representados?

**2ª PREGUNTA:**

¿Hai algún problema na zona de auga que hai no río de Bendimón?

**7. ROGOS.**



**- Do PARTIDO POPULAR:**

**1º Rogo:**

Referente ós cruces das pistas da parcelaria que hai na área de Entíns e que hai varias sinais de stop que están deterioradas e incluso hai algunha que non está e isto xunto coa circunstancia de que hai planta de millo que está moi grande a visibilidade é nefasta e constitúe un perigo para a circulación. Polo que rogamos ó goberno que tome as medidas necesarias para darlle solución a este problema.

**2º Rogo:**

Relativo a que os veciños do Freixo nos comentan que o contedor de cristal que hai no peirao do Freixo, fronte máis ou menos ó Ríos, leva sen recoller moito tempo e que están os cristais todos por fora. Polo que rogámoslle que pasen a recollese e que teñan a maior minuciosidade na recollida deste contedores porque dan unha imaxe moi mala para o Concello e para o turismo que temos que apoiar.

**- Do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO:**

**1º Rogo:**

Na primeira curva da Avenida de Compostela cando a fonte de Entís, Tras e Concheiro houbo o longo dos anos unha serie de accidentes que teñen conlevado o empotre de vehículos na vivenda limítrofe o ría Rial e o último accidente aconteceu esta última semana e resultou o empotre contra unha farola que houbo que desmontar. Agradecemos que nunca aconteceu o atropelo de un viandante que se podería dar perfectamente. Polo tanto, rogamos que sinalicen mecanismos de protección para viandantes como poden ser bolardos fortes no punto crítico en cuestión.

**2º Rogo:**

Na recta de Rivas de mar os vehículos circulan a gran velocidade e os veciños levan anos demandando un paso de peóns polo que poidan cruzar a estrada de maneira segura. Rogamos que se realicen os trámites necesarios para facelo realidade.

**3º Rogo:**



Non se suben as actas na páxina web do concello dende agosto do ano pasado. Rogamos que se suban as pendentes e que se analice a posibilidade de engadir pouco a pouco e con tempo as actas de mandatos anteriores.

#### **4º Rogo:**

Todas as mocións que levamos aprobadas no pleno anterior, un mes pasou, e o cumprimento que parecía o cumprimento en concreta da moción de transparencia dende a mesma semana, vostedes fan caso omiso do que di a corporación deste concello. O BNG pídelle con todo o respecto e con toda a boa intención que vostedes se dignen a cumprir polo menos as mocións máis básicas.

#### **- Do Partido Socialista:**

#### **1º Rogo:**

Rógolle que ante as queixas feitas polos veciños de Broña polo tema dos aseos e autocaravanas e ante os rogos xa presentados polos distintos partidos da oposición, teña a ben reunirse cos grupos desta corporación para debater como solucionar o problema creado por nós antes de que comecen as obras.

#### **2º Rogo:**

Dende o partido socialista rogamos aínda que no sexa coa mesma asiduidade que se fai a limpeza de Broña se efectúen limpeza máis a miúdo nas praias de da casa da lonxa e Portosiavo.

#### **3º Rogo:**

Polo Mosteiro están vostedes estes momentos en alza parece que se perde polo camiño, os socialistas de Outes rogámoslles que voten un ollo para ver que sucede e intenten amañalo.

#### **4º Rogo:**

A nivel persoal rógolle que mire onde se perdeu o informe da policía local solicitado a mediados de xuño por min e que o busquen a ver se o atopan e mo fan chegar.

<b>C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES</b>



*Remata a sesión ás 23:05 horas do que, como Secretaria, dou fe.*

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

A grabación do Pleno é consultable no seguinte enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=qvUcQ-YyAEQ>

